




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Advertido erro na Resolución Rectoral do 10 de xullo de 2002, sobre delegación de sinatura en determinados órganos universitarios, procede a seguinte modificación ó abeiro do artigo 105.2 da LRXA-PAC:

Primeiro.-

No artigo 4, punto b) nº 12, da delegación a favor do Vicerrector de Organización Académica e Profesorado onde di "*Todos aqueles actos relativos á situación administrativa do persoal docente que non figuren atribuídos a outros órganos universitarios.*"

Autorización de traslados de campus do persoal docente universitario", debe dicir "*12.- Todos aqueles actos relativos á situación administrativa do persoal docente que non figuren atribuídos a outros órganos universitarios, así como a reorganización docente que implique cambio de campus do persoal docente universitario*". Tamén no punto 16 onde di: "*Xestión e coordinación na aprobación e desenvolvemento das ensinanzas conducentes a titulacións de posgrao propias da USC*", debe dicir: "*Xestión e coordinación na aprobación e desenvolvemento das ensinanzas conducentes a titulacións de 1º e 2º ciclo da USC*".

Así mesmo procede engadir a seguinte competencia: "*17- Sinatura de convenios para a realización de prácticas en empresas ou institucións dos alumnos de titulacións de primeiro e segundo ciclo, tramitados pola USC*".

Segundo.-

No artigo 4, punto c) da delegación a favor do Vicerrector de Investigación e Innovación, no punto 1 onde di "*art. 11 LRU*", debe dicir "*art. 83 LOU*".

Terceiro.-

No artigo 4, punto d), da delegación a favor do Vicerrector de Terceiro Ciclo e Extensión Docente procede eliminar a competencia onde di "*A dirección operativa do SERVIMAV e do Centro de Competencia de Innovación Educativa e Tecnoloxías da Información e Comunicación*", así como onde di: "*Convocatoria e resolución de bolsas para exención de prezos públicos no Terceiro Ciclo*", e procede engadir:

- "*A convocatoria de Cursos Internacionais para estranxeiros, así como a acreditación dos mesmos.*"
- *En materia de Cursos de Posgrao:*
 - + *Nomeamento de Bolseiros.*
 - + *Nomeamento de PAS colaborador.*
 - + *Formalización de pólizas de seguro de accidentes.*
- *Convocatoria de axudas para a mobilidade dos alumnos de terceiro ciclo e profesores invitados a Cursos de doutoramento.*"



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cuarto.-

No artigo 4, punto e) da delegación a favor do Vicerrector de Tecnoloxías e Infraestruturas, engadir: "A dirección operativa do SERVIMAV e do Centro de Competencia de Innovación Educativa e Tecnoloxías da Información e Comunicación"

Quinto.-

No artigo 4, punto f) da delegación a favor da Vicerrectora de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade universitaria eliminar do punto 1.- "e para estranxeiros".

Sexto.-

No artigo 4, apartado h) na delegación na Vicerrectora de Estudiantes, no punto 9 onde di: "9. Responsable da Universidade de Santiago de Compostela perante a Oficina para a Prestación Social Substitutoria", debe dicir "Responsable da supervisión das cafeterías e comedores Universitarios".

Sétimo.-

Elimínase no artigo 4 o apartado k), delegación no Vicerrector de Coordinación do Campus de Lugo".

Oitavo.-

No apartado II "Delegación a favor do Secretario Xeral" eliminar o punto 8, pasando á reenumeración do punto 9, que pasa a ser o punto nº 8.

Noveno.-

Aprobase o texto refundido da Delegación de sinatura que se achega como anexo á presente Resolución.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2002

O Rector

Seren Barro Ameneiro